

LECTORIO 2016

XV MOSTRA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

2 de abril

▶ Antesala do Salón García [11.00 h]

■ Inauguración Exposición de literatura infantil e xuvenil

Entrega de premios aos mellores lectores usuarios do servizo de préstamo a domicilio da sección infantil e xuvenil da Rede Municipal de Bibliotecas.

▶ Antesala do Salón García [12.00 h]

■ "Do que aconteceu no Caleixón do gato"

Polo Correo do Vento. Actividade homenaxe a Valle Inclán.

▶ Antesala do Salón García [17.00 h]

■ "A pócima de Don Ramón"

Xogo de pistas interactivo valleinclaniano. Fundación Valle Inclán.

▶ Salón García [18.30 h]

■ "A Guerra das Galias"

Títeres Cachirulo.

3 de abril

▶ Antesala do Salón García [11.00 h]

■ Apertura da exposición de literatura infantil e xuvenil

Presentación das últimas novidades editoriais.

▶ Rúa Rey Daviña [11.30 h]

■ "Abril na outra man"

Animación na rúa. Fundación Valle Inclán.

▶ Antesala do Salón García [12.30 h]

■ "Conto Contigo" - de Manuel Solla Barragáns

Subvencionado pola Consellería de Cultura a través da Biblioteca Mpal.

▶ Antesala do Salón García [17.00 h]

■ "Tardes de animación con Don Ramón"

Pintacaras, globoflexia e manualidades. Fundación Valle Inclán.

▶ Salón García [18.00 h]

■ "O Fuso difuso"

Obra de teatro infantil interactiva. Fundación Valle Inclán.

AVANCE MAIO

Sábado 7

▶ Salón de Actos Auditorio [21:00] · [MÚSICA]

■ Aba Taano

Trátase de seis voces cálidas, seis mozos e mozas cheos de humor, ledicia e dinamismo: Cantos a capella, escenificados, amenos. En 2014 gañaron a Medalla de Ouro nas "Olimpiadas da Voz" en Letonia, no encontro de 27.000 cantantes. Tamén o "Premio dos Directores Artísticos" pola súa versión da canción oficial dos xogos.

Por outra parte, axudan cos seus cantos a financiar o proxecto humanitario de Música Para Salvar Vidas, cuxo labor é axudar aos orfos, nenos e nenas procedentes de Uganda, a labrar o seu futuro por medio da música e da danza. Son todo un exemplo do que se pode facer con concertos e actuacións para un continente que segue soportando unha taxa de altísima miseria.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no Tlf: 902044226, e o mesmo día da actuación no Auditorio a partir das 19:00 h. Prezos: Zona A: 10€; Zona B: 8€; Zona C: 8€ (+ gastos de xestión)

Sábado 14

▶ Salón de Actos Auditorio [21:00] · [MÚSICA]

■ María do Ceo DE PORTUGAL A GALICIA FADO

María do Ceo é fado en estado puro. Actualmente, está considerada a sucesora de Amalia Rodríguez, tanto no estilo como na interpretación. Pero María do Ceo tamén nos canta bolero cun dramatismo que nos lembra á gran Chavela Vargas.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o día da actuación no Auditorio a partir das 19:00 h.

Prezos: Zona A: 10€; Zona B: 8€; Zona C: 6€ (+ gastos de xestión).



Venres 20

▶ Salón García [19:00]
[CONTACTOS/TÍTERES]

■ O Lobo e a Lúa

Había unha vez un pequeno lobo que vivía no prado azul. El precisaba falar coa lúa, era moi importante o que lle tiña que dicir. Como a lúa estaba moi lonxe non o oía, así que o lobo tiña que berrar e berrar. No seu intento de falar coa lúa coñece a Mariano, un rato divertido que lle axudará, ou quizais non. Compañía: Baobab Teatro

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o día da actuación no Salón García a partir das 17:00 h. Prezo: 5€ adultos; 3€ nenos (+ gastos de xestión)

Domingo 29

▶ Salón de Actos do Auditorio [18:00] · [MUSICAL]

■ "Gisela y el Libro Mágico"



Musical protagonizado por Gisela, voz Disney en España, e ambientado no mundo máxico das cancións e contos infantís. Todo elo envolto de efectos de maxia e voz en directo. Un elenco de 12 persoas no escenario, un mago e uns monecos corpóreos completan o reparto deste fantástico espectáculo.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o mesmo día da actuación no Auditorio a partir das 16:00 h.

Prezos: Zona A: 12€; Zona B: 10€; Zona C: 10€ (+ gastos de xestión)

Lembra:
A partir de agora podes mercar
as túas entradas a través de



e en breve directamente
dende o portal municipal www.vilagarcia.es

DL: PO 153-2016

VALLE INCLÁN

150
[1866-1936]

ANIVERSARIO

programación
cultural
ABRIL 2016

Valle Inclán

Concello de
Vilagarcía de Arousa

Sábado 2

▶ Salón de Actos do Auditorio [Dúas funcións 20:00 e 22.30h] - [HUMOR]

Menú da Noite

Luis Davila e Carlos Blanco póñense smóking para sachar como é debido, e ata cociñan caldo en directo, literalmente. Combinan novamente inxenios e artes para atopar o cóctel perfecto.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o día da actuación no Auditorio a partir das 18:00 h.

Prezos: Anticipada Zona A: 12€; Zona B: 10€; Zona C: 8€. Na taquilla, Zona A: 15€; Zona B: 12€; Zona C: 10€.

Sábado 9

▶ Salón de Actos do Auditorio [21:00] [TEATRO]



Palabras Malditas

Na oscura España da posguerra, dos seres marxidados, un profesor expulsado e unha prostituta, esfórzanse por atopar a felicidade. Teatro do Noroeste - AGADIC. Autor: Eduardo Alonso.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o día da actuación no Auditorio a partir das 19:00 h.

Prezo: 5€ (+ gastos de xestión).

Domingo 10

▶ Salón García [12:30] [MÚSICA]



The New Raemon

Achégate ao Salón! CONCERTO MATUTINO

Ramón Rodríguez presenta "Oh, Rompehielos!", un traballo de cancións íntimas e melancólicas, acompañado de Ricky Falkner no baixo e coros e de Ricky Lavado á batería.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com ou no 902044226, e o día da actuación no Salón García a partir das 10:30 hs.

Prezos: adultos: 5€; menores de 16 anos: 2€ (+ gastos de xestión).



Mércores 13

▶ Salón García [21:00] - [CINE]

Unha xornada particular Ettore Scola

Proxeccións Cine Club Ádega

O 6 de maio de 1938, Hitler visita Roma. Nunha casa de veciños só quedan a porteira, un ama de casa, Antonietta, e Gabriele, que teme á policía por algún motivo descoñecido. Antonietta e Gabriele establecen unha relación afectiva moi especial que lles permite evadirse durante unhas horas da tristeza e monotonía da vida cotiá.

Prezos: Socios Anuais: entrada de balde. Socios 1 día/1 sesión: 4€

Venda de entradas dos socios de 1 día a partir das 20:30h no Salón García o mesmo día da proxección.

Sábado 16

▶ Salón de Actos do Auditorio. Dúas funcións [18:00 e 21:00] - [TEATRO]

Cabeza de Dragón

Verdemar, o fillo do rei Mangucián, vese obrigado a fuxir do castelo ante a orde de busca e captura por ter liberado a un trasgo que o rei tiña preso nunha torre. Na súa fuxida e acompañado polo trasgo, o xoven príncipe, disfrazado de bufón, enmárcase na procura dunha espada máxica para matar ao dragón do bosque e salvar con ela a filla do rei Micominón de ser devorada polo temible monstro.

Organiza: Taller de Teatro Clámide. Colabora: Escola Mpal. de Música Bernardo del Río e Escola de Baile Nydia. Música orixinal: Jorge Ortal e Javier España. Dirixido por: Julio Cores

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no Tlf: 902044226, e no mesmo día da actuación no Auditorio a partir das 16:00 hs.

Prezos: Anticipada: Zona A: 5€; Zona B: 4€; Zona C: 3€ (+gastos de xestión). Auditorio: Zona A: 6€; Zona B: 5€; Zona C: 4€.

Domingo 17

▶ Salón de Actos do Auditorio [20:00] - [MÚSICA]

Symphonic of Pink Floyd



Espectáculo interpretado por un elenco de voces de nivel internacional acompañadas pola One World Symphonic Orchestra e unha Rock Band formada por músicos que xiran con Simple Minds, George Michael, Chis Rea ou Mike Oldfield.

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no Tlf: 902044226, e no mesmo día da actuación no Auditorio a partir das 20:00 hs.

Prezos: Zona A: 35€; Zona B: 32€; Zona C: 29€ (+ gastos de xestión).

Venres 22

▶ Sala de Conferencias do Auditorio [19:00] - [CONTACTOS]

Tío Teixo e as árbores atrapadoras de contos

Tío Teixo dedícase coas súas follas a tecer sacos verdes para as fadas que non saben voar, para que os leve con elas recollendo guerras, fame, tristezas e os pesadelos de nenas e nenos.

A cargo de Anxo Moure. Organizado polo "Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas". Publico infantil a partir de 3 anos.

Entrada de balde ata completar a capacidade.

Sábado 23

▶ Salón García [20:00] - [DOCUMENTAL]

"El Desorden de las Cosas"

Documental realizado por Javier Campos durante a expedición do Reto Pelayo Vidal, de TREC Exploring. Protagonizado por 5 mulleres que tras superar un cancro de mama lanzan unha mensaxe de loita e esperanza, subindo ao Kilimanjaro. Previamente realizárase unha charla con especialistas nos campos que interveñen no proceso da enfermidade. Cristina Alonso (Psicóloga AECC), Ángeles Pereira (Médico AECC), Cristina Glez. (Nordic Walking e rehabilitación oncolóxica-Bilbao), Ana Crespo (Fisioterapeuta da Unidade de Linfedema-Pontevedra) e Araceli Oubiña (Integrante da Expedición).

Entrada de balde ata completar capacidade.

Sábado 23 e domingo 24

▶ Auditorio Municipal - [MÚSICA]

Mostra Musical do Eixo Atlántico

Mércores 27

▶ Salón García [21:00] - [CINE]

O Clube

Proxeccións Cine Club Ádega



Catro sacerdotes conviven nunha retirada casa dun pobo costeiro, baixo a mirada dunha coidadora. A rutina rómpese coa chegada dun quinto sacerdote que os fai revivir o pasado ...

Prezos: Socios Anuais: entrada de balde. Socios 1 día/1 sesión: 4€

Venda de entradas dos socios de 1 día a partir das 20:30h no Salón García o mesmo día da proxección.

Sábado 30

▶ Salón de Actos do Auditorio [21:00] - [TEATRO]

Os amores de Jacques o fatalista

Jacques e o seu amo camiñan xuntos. Para entreterse, cóntanse historias, falan da vida e do amor. E permítense dicir cousas que non se atreverían a dicir se houbera mulleres diante...

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com e no 902044226, e o día da actuación no Auditorio a partir das 19:00 h.

Prezo: 5€.

EXPOSICIÓNS

Do 8 de abril ao 6 de maio

▶ SALA DE EXPOSICIÓNS ANTÓN RIVAS BRIONES

MAGE'16

Bacharelato artístico do IES de Carril

Do 15 de abril ao 27 de maio

▶ SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Bosques para un soño

Milagros Morán Bóveda